



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO MASTER UNIVERSITARIO EN SISTEMAS AÉREOS NON TRIPULADOS

REUNIDOS

Dunha parte, D.^a María Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Economía e Industria, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa no exercicio do seu cargo e en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, (en adiante USC) con NIF Q1518001A, nomeado segundo o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, (DOG núm. 56 do 22 de marzo de 2022) de acordo coas competencias que lle outorga a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

E, doutra parte D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, (en adiante UVigo) con NIF Q8650002B, nomeado segundo o Decreto 110/2022, do 9 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2022), de acordo coas competencias que lle outorga a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo aprobados por Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG 22 de febreiro de 2019).

As Partes, recoñecéndose mutuamente capacidade legal suficiente, subscriben o presente Convenio, a cuxo efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Conforme recolle o artigo 47.1. e 48.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con





persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado para un fin común, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

Que o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, dispuxo na súa disposición adicional oitava que, a adscrición da Axencia Galega de Innovación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional "entenderase sen prexuízo das competencias e funcións que poida asumir a Consellería de Economía e Industria, de acordo co que se estableza no seu decreto de estrutura orgánica, na materia de promoción industrial, desenvolvemento tecnolóxico e innovación dos sectores produtivos, xestión de infraestruturas tecnolóxicas, apoio do crecemento de novas empresas de base tecnolóxica e asesoramento e información na materia de propiedade industrial." En concreto, no apartado 3 establece que a "Consellería de Economía e Industria asumirá os labores de promoción do parque industrial de Rozas (Lugo) e a xestión de todos os programas derivados da Civil UAVs Initiative."

Que en consonancia co anterior, o Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, recolle, dentro das competencias da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, están as de coordinación do Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR) e de todas as súas actividades, a promoción e coordinación do Parque Industrial de Rozas (Lugo) e a xestión da Civil UAVs Initiative.

SEGUNDO

Que a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, recoñece ás Universidades autonomía para a elaboración de plans de estudos e investigación; así mesmo, establece que a universidade asume, como un dos seus obxectivos esenciais, o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e que atenderá tanto á investigación aplicada como á básica. Como se pon de manifesto nos diferentes apartados desa mesma Lei, co fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico preténdese asegurar o fomento da calidade e da competitividade internacional da investigación desenvolvida polas Universidades; a coordinación da investigación entre diversas Universidades e centros de investigación, así como a creación de centros ou estruturas mixtas entre as Universidades e outros organismos públicos e privados de investigación, e, no seu caso, empresas; a vinculación entre a investigación universitaria e o sistema produtivo, como vía para articular a transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da Universidade no proceso de innovación do sistema produtivo e das empresas; a xeración de sistemas innovadores na organización e xestión polas Universidades do fomento da súa actividade





investigadora, da transferencia dos resultados da investigación e da captación de recursos para o seu desenvolvemento .

TERCEIRO

O Master Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados é un dos dous Masteres oficiais ofertados en España e é o único que inclúe formación básica de piloto de drons.

Este Master proporciona un título de alta especialización para estudantes universitarios con dúas vertentes, unha centrada na enxeñaría de sistemas aéreos non tripulados, que lidera a Universidade de Vigo, e outra centrada nas aplicacións dos sistemas aéreos non tripulados, que lidera a Universidade de Santiago de Compostela.

O Master Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados dotará ao alumnado dos coñecementos máis actuais en materiais avanzados utilizados en vehículos aeronáuticos, tamén no modelado dixital, análise estrutural e optimización de estruturas de aeronaves non tripuladas. Coñecerán ademais os principios xeomáticos, fotogramétricos e cartográficos, de navegación, interpretación e tratamento dixital de imaxes, así como das boas prácticas existentes na operación de sistemas aéreos non tripulados.

CUARTO

Que a Consellería de Economía e Industria está interesada en colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo na organización do devandito Master Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados.

Que no Plan Estratéxico da Civil UAVs Initiative 2021-2025, a actuación 26 "Formación" contempla a realización de convenios cos centros educativos e universidades como un dos instrumentos máis axeitados para acadar os obxectivos esperados.

Que como se pode deducir dos puntos anteriores, e en cumprimento do establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os obxectivos que se perseguen con este convenio responden aos obxectivos da Consellería de Economía e Industria. Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para esas accións, xa que se trata de actividades formativas de carácter singular promovidas pola USC e UVIGO.

QUINTO

O 8 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade





Autónoma para este período, así como o Plan Galego de Investigación e Innovación 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Neste contexto, o segundo reto da RIS3 consiste en desenvolver un modelo industrial baseado na competitividade e o coñecemento, co obxectivo de incrementar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais e a evolución das cadeas de valor. En relación con este reto, unha prioridade é apoiar a dixitalización para impulsar o modelo industrial galego.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 4 busca apoiar o desenvolvemento das capacidades das persoas.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3 respondendo ao reto 2 (modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento) a través da prioridade 2 (Dixitalización). Ten como obxectivo estratéxico desenvolver o talento das persoas (obxectivo estratéxico 4), integrándose polo tanto no programa Persoas e Talento.

Por todo isto subscriben o presente convenio consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria a través da dirección de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, e as Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo para instrumentar unha subvención para a realización e desenvolvemento dos estudos conducentes ao título de Master Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados (en adiante o Master), no marco da *Civil UAVS Initiative*.





SEGUNDA.- Gastos subvencionados

A Consellería de Economía e Industria contribuirá economicamente ao desenvolvemento da actuación descrita na cláusula anterior, conforme ao orzamento que se detalla na cláusula cuarta do convenio.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 15 de decembro de 2024. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

TERCEIRA.- Subcontratación das actividades.

No caso de que para a realización das actividades obxecto do presente convenio se precise recorrer a contratación externa, esta deberá rexerse polo estipulado no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba el regulamento do citado texto legal.

CUARTA.- Financiamento

Para a realización das actividades obxecto do presente convenio, a Consellería de Economía e Industria subvencionará con catro mil euros (4.000, €) á Universidade de Santiago de Compostela e dous mil euros (2.000,-€) á Universidade de Vigo, con cargo á aplicación orzamentaria seguinte:

- No caso de que os créditos orzamentarios correspondentes as anteriores competencias figuren nos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para o 2024, e, mentres non se instrumente o traspaso destes créditos á Consellería de Economía e Industria, a partida orzamentaria será: 09.A2.561A.744.0 (código proxecto 2015 00016) da Axencia Galega de Innovación.
- No caso de que os créditos orzamentarios xa tivesen sido traspasados á Consellería de Economía e Industria, a partida orzamentaria será: 09.03.732A744.0.



Os importes da subvención destinaranse a cubrir os gastos detallados na seguinte desagregación:

Universidade de Santiago de Compostela	
Adquisición ou aluguer de material de prácticas. Participación de profesorado externo e especialistas do sector mediante relatorios. Outros gastos.	3.478,-€
15% de gastos de xestión da USC	522,-€
TOTAL	4.000,-€
Universidade de Vigo	
Adquisición de material de prácticas	2.000,-€
TOTAL	2.000,-€

QUINTA.- Pagamento e xustificación

As achegas financeiras serán libradas á Universidade de Vigo é á Universidade de Santiago de Compostela logo de que estas remitan a correspondente documentación conforme o indicado seguidamente na data límite do 30 de decembro de 2024, previo certificado de execución asinado pola dirección xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.

Serán financiáveis os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 15 de decembro de 2024.

A xustificación da subvención por parte do beneficiario, segundo o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, realizarase mediante a achega de:

- Unha certificación de gastos da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, acompañada dunha relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades obxecto do convenio, coa identificación dos conceptos subvencionables, os provedores e as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, os importes, datas de emisión e datas de pago.
- Memoria explicativa das actividades recollidas na cláusula sexta deste convenio:
 - Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia, mediante a súa indicación na páxina web e no material de difusión, constando o logotipo institucional da Xunta de Galicia en toda a documentación que se produza na preparación, organización e realización do Master, ou como consecuencia deles.



Nesta memoria, deberán incorporarse todos os documentos e fotos necesarios para a xustificación da realización destas actividades.

- Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
- Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

SEXTA.- Compromisos da Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo

A Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo obríganse por medio deste convenio á organización e realización do Máster e adquiren os seguintes compromisos:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.
 - Declaración responsable de non estar incursas en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou





sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.

- Organizar e dirixir o Máster, segundo os contidos e condicións que se inclúen na Memoria do título.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas concedidas; e tamén facilitar a inspección e control da Consellería de Economía e industria co obxectivo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Comunicar á Consellería de Economía e industria, tan pronto se teña coñecemento, a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Subministrar toda a información necesaria para que a Consellería de Economía e Industria poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- Dar consentimento expreso á Consellería de Economía e Industria para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na súa páxina web e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Dar consentimento expreso á Consellería de Economía e Industria para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Consellería de Economía e Industria.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.





- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Consellería de Economía e Industria, mediante a súa indicación na páxina web e no material de difusión, constando o logotipo institucional da Xunta de Galicia en toda a documentación que se produza na preparación, organización e realización do Master, ou como consecuencia deles.
- Cumprir coas obrigas de publicidade e transparencia previstas neste convenio.
- Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos de seguimento.

SÉTIMA.- Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

Este convenio, no relativo ao réxime de publicidade, estará ao disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte da Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago de Compostela, para que a Administración Galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigas específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

OITAVA.- Protección de datos

As partes manifestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e polas demais normas de desenvolvemento. que resulten aplicables. Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes e que non se dan as condicións para ser





consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPd. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se unha solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXPd, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA-. Resolución do convenio

Procederá a revogación da axuda, así como o reintegro total ou parcial das cantidades xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Serán causas de resolución do presente convenio, procedendo ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- Incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- Incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio
- Transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- Acordo mutuo das partes.
- Serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención, o incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento que se financia ou da obriga de xustificación.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMA.- Alteración das actuacións

Toda alteración nas accións a realizar, agás as que se autoricen explicitamente nas cláusulas deste convenio, deberán ser obxecto de autorización pola Consellería de Economía e Industria, e formalizárase mediante a correspondente adenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver polas Universidades ou a ampliación do prazo de execución.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento destas.

DÉCIMO SEGUNDA.- Comisión de Seguimento e Coordinación





Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento de composición paritaria, integrada por 2 representantes por parte Consellería de Economía e Industria (un dos cales actuará como presidente), un da USC e outro da UVIGO, designados para ese efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento, as seguintes:

- Realizar o seguimento das actuacións do convenio.
- Propoñer solucións aos conflitos que puidesen xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do mesmo.
- As que sexan precisas para a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirase as veces que sexan precisas a solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA – Réxime xurídico e controversias

Este convenio ten carácter administrativo. Correspóndelle á Conselleira de Economía e Industria a interpretación do mesmo e a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos tomados neste sentido inmediatamente executivos, rexéndose aos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

Con carácter supletorio aplicaranse as disposicións contidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, a súa regulación exclúese do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 6.2.), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

DÉCIMO CUARTA. – Vixencia

A duración deste convenio estenderase desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2024.



E, en proba da súa conformidade, asinan este documento electronicamente na data indicada.

**Pola Consellería de Economía e Pola Universidade de Santiago de
Industria Compostela**

M^a Jesús Lorenzana Somoza

Antonio López Díaz

Pola Universidade de Vigo

Manuel Joaquín Reigosa Roger